

Denominación do posto ofertado en Comisión de
Servizos:

Xefatura do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador (PDI) PF000008

Informe motivado coas valoracións dos/das aspirantes por orde de prelación (*encha máis de 1 folla, se for necesario*):

Criterios/aspirantes	Apelidos, nome e nº de orde da proposta:	Apelidos, nome e nº de orde da proposta:	Apelidos, nome e nº de orde da proposta:
	Usón Pérez;Miguel (1)	Bercero Redondo, Maria Luisa (2)	Domínguez González, Virginia (3)
Méritos achegados polo/a aspirante <u>valorados como prioritarios</u> pola súa adecuación para o desempeño do posto	Achega un currículo ben organizado, no que se pon en valor a súa traxectoria profesional. Destaca especialmente a súa experiencia como técnico de administración no Servizo de Planificación de PDI, así como o desempeño das funcións propias do posto ao que se postula durante o período de incapacidade temporal da persoa titular	Presenta un currículo moi ben estruturado e documentado, claramente orientado ao posto ao que aspira. Cómpre destacar a descrición polo miúdo das funcións desempeñadas nos distintos cargos que ocupou na Universidade de Santiago de Compostela, así como a súa formación complementaria e a ampla experiencia profesional adquirida nesta institución.	Presenta un currículo no que salienta a súa experiencia como xefa de sección do Servizo de Planificación de PDI. Non obstante, bótase en falta unha maior concreción no detalle dos postos ocupados e das funcións desenvolvidas ao longo da súa traxectoria profesional en relación co posto obxecto desta convocatoria.
Outras evidencias sobre a idoneidade da proposta	O funcionario leva 11 anos prestando servizos como A1,dos cales, 4 deles como funcionario de carreira.	A funcionaria pertence a escala de xestión (A2) desde o ano 2022, prestando os seus servizos previamente como auxiliar administrativo (C2).	Pertence á escala A2 desde o mes de maio do ano en curso, prestando servizos previamente como administrativa (C1) e como auxiliar administrativa (C2).
Xustificación sobre o resultado da entrevista, de ser o caso	Amosa capacidade de resposta, claridade e concisión, permitindo apreciar a súa experiencia e a súa adecuación ás funcións do posto, principalmente nas dúas primeiras preguntas. Respecto á terceira, cómpre valorar as propostas de mellora que achega que reflicten unha visión global e integradora. Esta perspectiva ampla permite valorar o coñecemento técnico, a capacidade estratéxica e de planificación que posúe.	Sobre a primeira cuestión, ofrece unha resposta clara e directa, axustada ao que se lle solicita. Na segunda pregunta, non desenvolve a relación entre os postos desempeñados e as funcións do posto ao que opta. Na terceira pregunta, a candidata responde de maneira correcta, amosando coñecemento sobre o tema tratado.	Na primeira pregunta ofrece unha resposta centrada en cuestións técnicas sen abordar de maneira directa o contido. Na segunda pregunta describe os postos que ocupou, sen desenvolver os aspectos máis relevantes da súa traxectoria profesional en relación co posto ofertado. Na terceira pregunta, centrase excesivamente en cuestións técnicas sen ofrecer unha visión global que permita contextualizar e enriquecer a súa análise.

Aspirante proposto/a para ocupar o posto:

Miguel Usón Pérez



(Sinatura)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA PILAR MARTINEZ GARCIA,
VICEXERENTA XERAL TECNICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/10/2025 10:27:20.

CSV: 86FD-E4FB-46AB-8755